DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 245 Xoves, 28 de decembro de 2023 Páx. 71085

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

*RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a modificación da solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, e da necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto do parque eólico dos Cotos, sito no concello de Cerdedo-Cotobade da provincia de Pontevedra (IN661A 2011/18-4).*

De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de outubro de 2021, acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o proxecto do parque eólico dos Cotos e, con base no artigo 44 da mencionada Lei 5/2017, do 19 de outubro, e no 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 25 de outubro de 2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu declarar a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico, o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

O 23 de decembro de 2021 publicouse no DOG núm. 245, e o 22 de decembro de 2021 no xornal *Faro de Vigo*, a Resolución do 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se someteron a información pública por un prazo de quince (15) días o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico dos Cotos, sito no concello de Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/18-4).

Así mesmo, vista a Sentenza núm. 18/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e aínda que esta non adquiriu firmeza e está sendo obxecto de impugnación e discusión en vía de casación pola Xunta de Galicia, con base no principio de seguridade xurídica e por un criterio de precaución, o 6 de abril de 2022 publicouse no DOG núm. 67, e o 6 de abril de 2022 no xornal *Faro de Vigo,* a Resolución do 8 de marzo de 2022 pola que se someteron de novo a información pública por un prazo de trinta (30) días o estudo de impacto ambiental, a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial

CVE-DOG: lb4yoys3-uvi0-pga3-fp33-8oeyeqssq5q4

(proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico dos Cotos.

O 3 de xullo de 2023 publicouse no DOG núm. 125 a Resolución do 18 de 4 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgaron a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción ás instalacións relativas ao proxecto do parque eólico dos Cotos a favor de Tiraventos, S.L.

O 28 de xuño de 2023, a promotora presentou ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais documentación actualizada relativa á declaración de utilidade pública, en concreto, do proxecto do parque eólico dos Cotos, e o 5 de setembro de 2023, a dita dirección xeral remitiuna á xefatura territorial, co obxecto de proseguir coa tramitación da relación de bens e dereitos afectados actualizada (RBDA) que modifica e substitúe a anterior.

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e polo artigo 46 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública durante un prazo de trinta (30) días a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/promotora: Tiraventos, S.L.

Denominación do proxecto: parque eólico dos Cotos.

Concellos afectados: Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Potencia instalada: 30 MW.

Potencia autorizada/evacuable: 30 MW.

Produción neta: 120.459 MWh/año.

Orzamento execución material: 21.094.888,48 euros.

CVE-DOG: lb4yoys3-uvi0-pga3-fp33-8oeyeqssq5q4


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

O obxecto da información pública será a modificación da solicitude de declaración de utilidade pública para as citadas instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. A relación concreta e individualizada dos propietarios dos bens e dereitos afectados polo proxecto, que figura no anexo que se insire nesta resolución, que anula e substitúe á publicada nas resolucións do 15 de decembro de 2021 (DOG núm. 245, do 23 de decembro) e do 8 de marzo de 2022 (DOG núm. 67, do 6 de abril).

2. Documento RBDA de planos parcelarios individuais.

O que se fai público para o coñecemento xeral, así como, en particular, dos propietarios dos predios que figuran na relación anexa a esta resolución, e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidas, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A consulta da documentación realizarase preferentemente a través da seguinte ligazón da web da Consellería de Economía, Industria e Innovación: https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica, na epígrafe de instalacións de xeración. A atención será telefónica no número 986 80 52 39, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas.

Cando sexa indispensable a atención presencial, poderase acudir mediante cita previa ás dependencias da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Pontevedra (avenida Mª Victoria Moreno, 43-5º, 36071 Pontevedra), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, así como ás dependencias do Concello de Cerdedo-Cotobade (praza do Concello 1, 36130 Cerdedo-Cotobade, Pontevedra).

Pontevedra, 19 de decembro de 2023

Beatriz López del Olmo
Xefa territorial de Pontevedra

CVE-DOG: lb4yoys3-uvi0-pga3-fp33-8oeyeqssq5q4

DOG Núm. 245 Xoves, 28 de decembro de 2023 Páx. 71088
Diario Oficial de Galicia

# ANEXO

## Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico dos Cotos no concello de Cercedo-Cotobade (Pontevedra)

| Datos catastrais | | | Propietarios | Afeccións (m$^2$) | | | | | | Uso principal | Cultivo | Lugar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ref. catastral | Pol. | Parc. | | Pleno dominio | Pleno dominio subestación | Servidume de paso (vía e gabia) | Servidume de voo | Servidume de paso (gabia) | Servidume temporal | | | |
| 36012A04000859 | 40 | 859 | Monte veciñal de Carballedo | | | 670,5 | | | | Agrario | MT Matogueira | Monte Castelo |
| 36012A04100062 | 41 | 62 | Monte veciñal de Carballedo | 6.458,9 | | 13.100,4 | 11.475,4 | 1.333,9 | | Agrario | EU Eucaliptos/MT Matogueira | Monte Castelo |
| 36012A04100774 | 41 | 774 | Monte veciñal de Rebordelo | | | 16.797,5 | | 125,4 | | Agrario | MT Matogueira/ EU Eucaliptos | Lagoas (As)-Rebordelo |
| 36012A04100776 | 41 | 776 | Monte veciñal de Carballedo | | | 1.258,1 | | | | Agrario | MT Matogueira | Porteliña, A |
| 36012A04100777 | 41 | 777 | Monte veciñal de Carballedo | 5.809,2 | | 7.103,9 | 8.276,3 | | | Agrario | EU Eucaliptos/MT Matogueira | Monte Castelo |
| 36012A04100782 | 41 | 782 | Monte veciñal de Viascón | | | | 2.193,4 | | | Agrario | MT Matogueira | Porteliña, A |
| 36012A05400090 | 54 | 90 | Monte veciñal de Rebordelo | 2.614,8 | | 15.178,4 | 9.314,3 | 1.407,2 | | Agrario | MT Matogueira/ MM Piñeiral madeirable/E-Pastos | Martices (Os)-Rebordelo |
| 36012A05400771 | 54 | 771 | Monte veciñal de Loureiro | 2.781,4 | | 1.163,3 | 3.040,3 | 582,3 | | Agrario | MT Matogueira/E-Pastos | Cornas |
| 36012A05500239 | 55 | 239 | Monte veciñal de Borela | 5.865,5 | | 9.354,1 | 12.012,9 | | | Agrario | MT Matogueira/ EU Eucaliptos | Pazos-Borela, Siltalto |
| 36012A05500267 | 55 | 267 | Monte veciñal de Rebordelo | 8.216,3 | | 34.684,5 | 12.449,7 | | | Agrario | EU Eucaliptos/ MM Piñeiral madeirable | O Quinteiro de Arriba-Rebordelo, Coto do Facho |
| 36012A05600446 | 56 | 446 | Monte veciñal de Borela | | | 1.938,4 | | | | Agrario | MT Matogueira | Graña (A)-Borela, Monte de Pena Gadeira |
| 36012A05601165 | 56 | 1165 | Monte veciñal de Rebordelo | | | 317,1 | | | | Agrario | MT Matogueira | Pena Gadeira |
| 36012A05700030 | 57 | 30 | Monte veciñal de Borela | 1.600,7 | | | 8.972,2 | | | Agrario | MT Matogueira | Freixa |
| 36012A05700249 | 57 | 249 | Monte veciñal de Rebordelo | 4.623,1 | 4.441,4 | 9.717,9 | 2.756,7 | | 859 | Agrario | MT Matogueira | Freixa |
| 36012A05700250 | 57 | 250 | Monte veciñal de Loureiro | | | 560,3 | | | | Agrario | MT Matogueira | Freixa |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Datos catastrais | | | Propietarios | Afeccións (m²) | | | | | | Uso principal | Cultivo | Lugar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ref. catastral | Pol. | Parc. | | Pleno dominio | Pleno dominio subestación | Servidume de paso (vía e gabia) | Servidume de voo | Servidume de paso (gabia) | Servidume temporal | | | |
| 36012B51401907 | 514 | 1907 | Descoñecido | | | 391,3 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Cancela |
| 36012B51401908 | 514 | 1908 | Luis Félix | | | 306,5 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Cancela |
| 36012B51401909 | 514 | 1909 | José Bernárdez Martínez | | | 714,2 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable/ PD Prados ou pradeiras | Cancela |
| 36012B51401910 | 514 | 1910 | Dolores Piñón | | | 329 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable/ PD Prados ou pradeiras | Pozo Negro (O)-Rebordelo, Cova |
| 36012B51401911 | 514 | 1911 | José Vicente García Nogueira | | | 979,6 | | | | Solo sen edif. | PD Prados ou pradeiras | Pozo Negro (O)-Rebordelo, Cova |
| 36012B51401919 | 514 | 1919 | Hros. de Aurita Touriño | | | 41,6 | | | | Agrario | PD Prados ou pradeiras | O Quinteiro de Abaixo-Rebordelo, Cancela |
| 36012B51401962 | 514 | 1962 | Igrexa Católica | | | 59,9 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | O Quinteiro de Arriba-Rebordelo |
| 36012B51401986 | 514 | 1986 | Delmiro Morgado | | | 75,9 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401987 | 514 | 1987 | Descoñecido | | | 910 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401988 | 514 | 1988 | Descoñecido | | | 1.412,2 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401989 | 514 | 1989 | Descoñecido | | | 13,8 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401990 | 514 | 1990 | Antonio Ogando | | | 422,2 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401991 | 514 | 1991 | Antonio Vidal | | | 158,8 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Fentales |
| 36012B51401992 | 514 | 1992 | Descoñecido | | | 101,4 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401993 | 514 | 1993 | Descoñecido | | | 85,5 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401994 | 514 | 1994 | Francisco Morgade | | | 888,5 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Abeleira |
| 36012B51401995 | 514 | 1995 | Miguel Morgade | | | 282,6 | | | | Agrario | PD Prados ou pradeiras | Finca Diestro |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 245 Xoves, 28 de decembro de 2023 Páx. 71090

| Datos catastrais | | | Propietarios | Afeccións (m²) | | | | | | Uso principal | Cultivo | Lugar |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ref. catastral | Pol. | Parc. | | Pleno dominio | Pleno dominio subestación | Servidume de paso (vía e gabia) | Servidume de voo | Servidume de paso (gabia) | Servidume temporal | | | |
| 36012B51401996 | 514 | 1996 | Descoñecido | | | 150,4 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51401997 | 514 | 1997 | José Miguel Estévez | | | 348,8 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Finca Diestro |
| 36012B51402000 | 514 | 2000 | Aurora Rodríguez Pousada | | | 302 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Cancela |
| 36012B51402001 | 514 | 2001 | Aurora Ogando Vidal | | | 888,6 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Arriba da Pedra |
| 36012B51411918 | 514 | 11918 | Consuelo Ogando Vidal | | | 129,9 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Carballiños |
| 36012B51421916 | 514 | 21916 | Descoñecido | | | 49,7 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | Carballiños |
| 36012B51421918 | 514 | 21918 | Descoñecido | | | 109,2 | | | | Agrario | MM Piñeiral madeirable | O Quinteiro de Abaixo-Rebordelo, Carballiños |
| 36012B51602140 | 516 | 2140 | Monte veciñal de Rebordelo | | | 211,7 | | | | Solo sen edif. | PD Prados ou pradeiras | O Quinteiro de Arriba-Rebordelo, O Salgueiro |
| 36012B51602141 | 516 | 2141 | María Concepción Vidal | | | 85,8 | | | | Solo sen edif. | MM Piñeiral madeirable | O Salgueiro (O)-Rebordelo, O Salgueiro |
| 36012B51602142 | 516 | 2142 | Descoñecido | | | 0,9 | | | | Solo sen edif. | MM Piñeiral madeirable | O Quinteiro de Arriba-Rebordelo, O Salgueiro |
| 36012B51605036 | 516 | 5036 | Monte veciñal de Rebordelo | | | 175,6 | | | | Solo sen edif. | MM Piñeiral madeirable | O Quinteiro de Arriba-Rebordelo, O Quinteiro de Arriba |
| 36012B51802215 | 518 | 2215 | En investigación | | | | | 54,7 | 167,8 | Residencial | MT Matogueira, PD Prados ou pradeiras | Facho (O)-Rebordelo 1[b]-Cabanelas |
| 36012B51802216 | 518 | 2216 | En investigación | | | | | 48 | 127,5 | Solo sen edif. | PD Prados ou pradeiras | Facho (O)-Rebordelo Facho |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia